



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 10 DE ABRIL DE 2014

LICENZAS

LAP/114/2012.- UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.- Conceder a licenza de obra e apertura do Centro de Investigación de Biomedicina Experimental na Rúa Antonio Rama Seoane.

LEGALIZACIÓN

LIC/16/2014.- MANUELA CASTRO BELLO.- Conceder a licenza para a legalización das obras executadas na vivenda unifamiliar entre medianeiras e rehabilitación de edificio anexo sito na Rúa Vista Alegre, 115.

RECURSO DE REPOSICIÓN

LIC/923/2012.- YOLANDA PEÓN FERNÁNDEZ.- Estimar o recurso de reposición e outorgar a licenza para a reforma e ampliación para edificio residencial comunitario en Camiño do Lermo, 27.

3.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre construcións, instalacións e obras, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

27.- Proposta da concelleira delegada de Economía, Comercio, Turismo e Mercados relativa ao sorteo dos premios concedidos ao Concello de Santiago pola entidade EGANET á páxina web municipal do Castelo da Rocha.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Economía a realización do sorteo dos premios de EGANET consistentes en dous bonos para formación relacionada co emprendemento e a mellora profesional doados pola Escola de Negocios de Novacaixagalicia e Smartmind. Este sorteo realizarase no edificio CERSIA Empresa o 21 de abril ás 12 horas e poderán presentarse ó mesmo os censados no Concello de Santiago, ser usuarios do Servizo de Apoio á Empresa do Concello, do Servizo de apoio ao emprendemento da Cámara de Comercio ou da USC.

28.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa a realización da semifinal da 5ª edición do Certame Musicaula.

A proposta da concelleira de Xuventude a XGL aprobou a realización da semifinal da 5ª Edición do Certame Musicaula. Esta acción faise coa colaboración de DP Music Entertainment que organiza a semifinal da zona norte para esta edición do certame para grupos musicais noveis.

Trátase dun festival de música Pop-Rock a nivel nacional dirixido a novos grupos de música de estudantes e a colexios e institutos de todo o país e que ten como obxectivo principal darse a coñecer e desenvolver a súa carreira artística.

Son 25 grupos, cinco por cada zona xeográfica, dos que saíran 5 para a final que se disputará en Madrid no mes de xuño.

O custo desta acción é de 9.135,50 €.

29.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao inicio e fixación de condicións para a contratación de préstamo orzamentario.

A proposta da Concelleira de Facenda a XGL aprobou as condicións para a contratación dun préstamo de 6.000.000 €, aínda que se aceptarán ofertas pola metade. O prazo para presentación de ofertas sera de dez días e este anuncio estará colgado no perfil do contratante.

30.- Corrección de erro do acordo nº 57 da sesión do 03.04.2014 relativo á aprobación do proxecto básico e de execución de mellora da seguridade viaria na rúa Cañoteira.

Deuse conta á XGL dun erro no informe do arquitecto Henrique Seoane Prado sobre o proxecto básico e de execución de mellora da seguridade viaria na rúa Cañoteira xa que o informe figura con data 26 de febreiro e ten que poñer 26 de marzo.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado da área de Mobilidade e Seguridade relativa á aprobación do convenio de outorgamento de subvención polo Concello de Santiago de Compostela a prol da Agrupación de Voluntarios de protección civil de Santiago.

Dado que no 2013 a convocatoria de subvencións da Xunta para este tipo de entidades se restrinxiu a poboacións de ata 50.000 habitantes, A XGL aprobou a proposta do Concelleiro de Seguridade unha subvención directa para a Agrupación de Protección Civil por un importe de 6.000 €.

2.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do convenio entre o Concello de Santiago e a fundación Eugenio Granell para o ano 2014, e concesión directa de subvención.

A proposta da Alcaldía a XGL aprobou o convenio coa Fundación Granell por un importe de 126.000 € que ten por obxecto o fomento, estudo e difusión do conxunto da obra de creación de Eugenio Granell, o fomento de manifestacións artísticas étnicas e a difusión de calquera outra manifestación cultural.

3.- Aprobación do expdte do servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal, do gasto e apertura de procedemento de adxudicación.

A proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou o expediente para a contratación do servizo de intervención e recollida de animais abandonados, perdidos, domésticos ou salvaxes de competencia municipal polos seguintes importes:

Ano 2014: 27.596,62 € IVE incluído.

Ano 2015: 17.171,23 € IVE incluído.

4.- Aprobación do expdte do servizo de actualización da cartografía SIG de referencia municipal a escala 1:500 no ámbito da cidade e escala 1:100 no resto do término municipal de Santiago.

A proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou o expediente para a contratación do servizo de actualización da cartografía SIG de referencia municipal a escala 1:500 no ámbito da cidade e escala 1:100 no resto do termo municipal de Santiago por un importe de licitación de 82.644,63 € IVE incluído. Cómpre actualizar este servizo xa que a anterior actualización fíxose hai cinco anos polo que non recolle os grandes cambios significativos da cidade do último lustro.

5.- Aprobación do expdte do servizo de vixilancia do estadio municipal de San Lázaro, do gasto e apertura de procedemento de adxudicación.

A proposta do Concelleiro de Deportes a XGL aprobou o expediente do servizo de vixilancia do estadio municipal de San Lázaro cos seguintes importes de licitación por ano:

Ano 2014: 46.881,81 € IVE incluído.

Ano 2015: 80.368,81 € IVE incluído.

Ano 2016: 80.368,81 € IVE incluído.

Ano 2017: 80.368,81 € IVE incluído.

Ano 2018: 33.487,00 € IVE incluído.

6.- Aprobación do expdte das obras incluídas no proxecto modificado de mellora e acondicionamento de vial en O Castro (Bando) incluídas no POS 2013 da Deputación da Coruña, do gasto e apertura.

A proposta da concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou o expediente das obras incluídas no proxecto modificado de mellora e acondicionamento de vial en O Castro (Bando) dentro do POS 2013 da Deputación da Coruña cun importe de licitación de 40.738,24 € IVE incluído.

7.- Corrección de erro no punto número 45 da sesión de 27 de marzo de 2014, relativo á cesión á USC de solo no SUP-5 Choupana para Campus das Ciencias da saúde.

En relación con este asunto aprobouse que se inclúa nas condicións da cesión que se aprobou na sesión de 27 de marzo de 2014, relativo á cesión á USC de solo no SUP-5 Choupana para Campus das Ciencias da saúde, que a USC deberá asumir as obrigas establecidas no convenio de 10/03/2005 respecto á urbanización e conexión co CHUS polas rúas de Mestre Mateo e a rúa Cima da Eira.

8.-Aceptación subvención para a realización do II Congreso de Violencia de Xénero.

A XGL aprobou a proposta da concelleira de Benestar Social pola que se acepta a subvención da Deputación da Coruña para a realización do II Congreso de Violencia de Xénero e que ten un importe de 30.525,00 €.

9.-Proposta de aprobación do convenio entre o Concello e a Fundación Refuxio de Animais.

A proposta da Concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou o convenio de colaboración entre o Concello e a Fundación Refuxio de Animais e que conta cunha achega do Concello de 180.000,00 €. A Fundación desenvolve entre outras funcións para o Concello de Santiago a acollida de animais de compañía abandonados que é competencia municipal.

10.-Aprobación do expediente de contratación das obras incluídas no proxecto de modificado de mellora e acondicionamento de viais en Cesar, Berdía, A Barciela e San Caetano.

A proposta da concelleira de Desenvolvemento Urbano e Sostible a XGL aprobou o expediente para a contratación das obras incluídas no proxecto de modificado de mellora e acondicionamento de viais nas parroquias de Cesar, Berdía, A Barciela e San Caetano, incluídas no POS 2013 da Deputación da Coruña. Estas obras contan con un orzamento de licitación de 50.019,10 €.

11.-Proposta do Concelleiro de Mobilidade.

A XGL aprobou a proposta do concelleiro de Mobilidade na que se recolle que si o Concello resulta beneficiario da cesión de vehículos de extinción de incendios forestais segundo o establecido na convocatoria da Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Rural, eses vehículos sexan cedidos en propiedade ao Concello segundo o establecido na Orde da Consellería.